

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA A REFORMA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE RIBADAVIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ribadavia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ribadavia para reformar a biblioteca municipal para poder xestionar todos os servizos e actividades que se realicen nas súas instalacións.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Coa reforma da biblioteca municipal de Ribadavia preténdese poder xestionar todos os servizos e actividades que se realicen nas súas instalacións. Instalacións que deben dispor de espazo adecuado para organizar e expor a colección da biblioteca, de espazo adecuado, comfortable e atractivo para que o público faga un uso apropiado e convinte dos servizos da biblioteca e de un espazo suficiente para que o persoal da biblioteca poda realizar as súas tarefas de maneira eficiente e cómoda.

Por todo o anterior, o concello de Ribadavia é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

